



CONCELLO DE
CHANDREXA DE QUEIXA

Rúa do Concello nº 19
32786 Chandrexa de Queixa (Ourense)
Tfno: 988334000
Fax: 988334056

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A APERTURA DO SOBRE OU ARQUIVO ELECTRÓNICO «B»: DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DOS CRITERIOS SUXEITOS A AVALIACIÓN PREVIA MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR

En Chandrexa de Queixa, a 1 de febreiro de 2019.

Nas dependencias da Casa do Concello de Chandrexa de Queixa, ás once horas reúnese a Mesa de Contratación, composta na forma seguinte:

Presidenta: Camila Diéguez Arias, Concelleira do Concello de Chandrexa de Queixa da área de sanidade, muller e servizos sociais.

Vogais:

- Javier Martínez de Anta, Xefe do Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio da Deputación Provincial de Ourense. (Presencia telemática a través da Plataforma de Contratos do Sector Público).
- José Juan Cerdeira Lois. Director da Área de Benestar da Deputación Provincial de Ourense. (Presencia telemática a través da Plataforma de Contratos do Sector Público).
- Jacobo Manuel Rayón Cedeira. Secretario-Interventor do Concello de Chandrexa de Queixa.

Secretaria: M^a. Isabel Vasallo Gil, Auxiliar Administrativa do Concello de Chandrexa de Queixa.

O obxecto desta sesión da Mesa de Contratación é a apertura do sobre ou arquivo electrónico «B»: documentación acreditativa dos criterios suxeitos a avaliación previa mediante xuízos de valor.

En primeiro lugar, dase conta das ofertas presentadas polos licitadores así como a comunicación da admisión das mesmas, ao abeiro da documentación presentada no sobre ou arquivo electrónico «A», que son as seguintes:

- SAMAIN SERVIZOS Á COMUNIDADE S.A. con CIF nº A-27.843.192.
- TRONCOSO CASARES, S.L. con CIF nº B-32.353.195.
- COVIASSTEC, S.L. con CIF nº B-32.240.210.

A continuación, de acordo co previsto na cláusula décimo quinta dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, a Presidencia ordena a apertura do sobre ou arquivo electrónico «B»: documentación acreditativa dos criterios suxeitos a avaliación previa mediante xuízos de valor, dando lectura dos documentos achegados respecto dos criterios de adxudicación aos que se refire o devandito sobre ou arquivo electrónico:

- SAMAIN SERVIZOS Á COMUNIDADE S.A. con CIF nº A-27.843.192.

Presenta documentación acreditativa dos criterios suxeitos a avaliación previa mediante xuízos de valor.

- TRONCOSO CASARES, S.L. con CIF nº B-32.353.195.

Presenta documentación acreditativa dos criterios suxeitos a avaliación previa mediante xuízos de valor.



CONCELLO DE
CHANDREXA DE QUEIXA

Rúa do Concello nº 19
32786 Chandrexa de Queixa (Ourense)
Tfno: 988334000
Fax: 988334056

- COVIASSTEC, S.L. con CIF nº B-32.240.210.

Presenta documentación acreditativa dos criterios suxeitos a avaliación previa mediante xuízos de valor.

Unha vez vista a documentación presentada a Mesa de Contratación por unanimidade acorda:

Único.- Solicitar á Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social, ao abeiro do artigo 157.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, a emisión de informe técnico para a valoración das propostas contidas no sobre ou arquivo electrónico B "documentación acreditativa dos criterios suxeitos a avaliación previa mediante xuízos de valor", con arranxo aos criterios e ponderacións establecidas nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.

Non sendo outro o obxecto da reunión, a Presidenta da por rematado o acto, do que como Secretaria certifico, en Chandrexa de Queixa sendo as once horas e cinco minutos do día un de febreiro de dous mil dezanove.

A Presidenta

A Secretaria

Os Vogais